



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 5 de novembro de 2021, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de "Mellora da estrada LU-651, treito Ferrería Vella - Seoane do Courel" de clave LU/17/128.01.1, no concello de Folgoso do Courel.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e na execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

Con data 23 de setembro de 2021, a Dirección Xeral da Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o proxecto de trazado de "Mellora da estrada LU-651, treito Folgoso (punto quilométrico 21+600) - Seoane (punto quilométrico 35+670), de clave LU/17/128.01.

Con data 30 de setembro de 2021, a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de "Mellora da estrada LU-651, treito Folgoso (punto quilométrico 21+600) - Seoane (punto quilométrico 35+670), de clave LU/17/128.01, no concello de Folgoso do Courel, mediante o Decreto 137/2021, publicado no Diario Oficial de Galicia en data 13 de outubro de 2021.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do concello de Folgoso do Courel, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Folgoso do Courel.

Lugar: salón de actos do Concello de Folgoso do Courel.

Data: 18 de xaneiro de 2022, das 9.00 ás 13.00 horas.

De: Álvarez Domínguez, Manuel (herederos de) a Monte Comunal de vecinos de Miraz

Concello de Folgoso do Courel.

Lugar: salón de actos do Concello de Folgoso do Courel.

Data: 19 de xaneiro de 2022, das 9.00 ás 13.00 horas.

De: Novo Núñez Eduvigis a Touzón Fernández Severo (herederos de)

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no concello de Folgoso do Courel e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resolucions/aviso_0280.html

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Folgoso do Courel.

Lugar: salón de actos do Concello de Folgoso do Courel.

Data: 22 de marzo de 2022, das 09:00 ás 13:00 horas.

De: Álvarez Domínguez, Manuel (herederos de) a Monte Comunal de vecinos de Miraz

Concello de Folgoso do Courel.

Lugar: salón de actos do Concello de Folgoso do Courel.

Data: 23 de marzo de 2022, das 09:00 ás 12:30 horas.

De: Novo Núñez Eduvigis a Touzón Fernández Severo (herederos de)

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Co fin de que os actos derivados dos procedementos expropiatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención recollidas no anexo da Resolución do 12 de xuño de 2020 e posteriores modificacións, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

En todo caso, é necesario pór en coñecemento dos interesados as seguintes indicacións:

- Os interesados poderán confirmar a data e a hora fixadas para a celebración do acto ou, no caso de concorreren motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente a prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente para este, logo de cita confirmada polo persoal de contacto.
- No momento da atención, tanto o persoal da Administración e da Asistencia Técnica como o expropiado usarán máscara de protección, respectando en todo momento a distancia de seguridade fixada. Para tales efectos, establécese a obriga de asistir ao acto provisto de máscara de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria. Porén, a Administración facilitará a máscara no caso de que os expropiados non dispoñan dela.
- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nalgunha persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.
- Deberán asistir unicamente as persoas estritamente necesarias para realizar o trámite.
- Establécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.
- Non se poderá acudir no caso de presentar febre (>37º) ou síntomas de problemas respiratorios.

Lugo, 5 de novembro de 2021.- O Xefe do Servizo Provincial de Lugo, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 3218

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO, MEMORIA HISTÓRICA

CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2020-2021: RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a clubs deportivos da Provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2020-2021, anualidade 2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o cinco de novembro de 2021, acordou:

1º.- *Desestimar as alegacións formuladas D. Manuel Jesús Durán Ónega, con DNI ***2752**, en calidade de Presidente da entidade ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO, con CIF G-27.324.284, en expediente 2021/PES_03/021667 de data 20/10/2021 en base ao informe da Comisión de Avaliación que formula a súa desestimación en base aos argumentos e análises expostas na súa acta de reunión de 29 de outubro de 2021, por considerar correcta a puntuación asignada á referida entidade, de acordo á documentación formulada no expediente de solicitude (certificado federativo) e en aplicación das previsións recollidas nas bases da convocatoria.*

2.- *Aprobar a resolución definitiva de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal para os gastos de temporada 2020-2021, anualidade 2021, de acordo aos criterios de determinación do importe da subvención reflectidos na base 8 das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.*

ENTIDADE E IMPORTE DA SUBVENCIÓN

Nº EXP.	NOME ENTIDADE	CIF	IMPORTE	DEPORTE
2021/PES_03/012029	CLUB PORTA XI ENSINO C.B.	G27324284	86.919,00 €	BALONCESTO
2021/PES_03/012078	CLUB DEPORTIVO BURELA F.S.	G27272251	113.087,00 €	FÚTBOL SALA
2021/PES_03/012010	CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	G27170638	84.245,00 €	FÚTBOL
2021/PES_03/011981	CLUB VOLEIBOL EMEVÉ	G27041490	110.749,00 €	VOLEIBOL
2021/PES_03/011979	CLUB FÚTBOL SALA FEMENINO CASTRO	G27451020	45.000,00 €	FÚTBOL SALA

Non hai solicitudes desestimadas.

3º.- *Notificar o presente acordo resolución definitiva ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.*

Ao abeiro do previsto na base 11. *Acordos de resolución e notificacións* das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>.

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, M^a Esther Alvarez Martínez.

R. 3239

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 8 de outubro de 2021, o expediente de modificación de créditos núm. 16 /2021 (5º de competencia do pleno), dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Setenta e dous mil cincocentos noventa (72.590,00) euros, e transcurrido o prazo dos quince días hábiles, contados a partir da inserción do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia, sin que se tivesen presentado reclamacións, o mesmo entenderase elevado a definitivo, quedando o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido orzamento, da seguinte forma:

Cap. 1.- Remuneracións de persoal.	872.674,47 €.
Cap. 2.- Compra de bens correntes e de servizos.	1.617.163,75 “
Cap. 3.- Gastos financeiros.	4.400,00 “
Cap. 4.- Transferencias correntes.	198.145,00 “
Cap. 5.- Fondo de Continxencia.	695,06 “
Cap. 6.- Inversións reais.	1.858.302,37 “
Cap. 7.- Transferencias de capital.	12.000,00 “
Cap. 8.- Variación de activos financeiros.	0,00 “
Cap. 9.- Variación de pasivos financeiros.	0,00 “
SUMA TOTAL.....	4.563.380,65 €

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 9 de Novembro de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3219

CASTROVERDE

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 30 de setembro de 2021, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 17/2021, do orzamento en vigor, primeiro na modalidade de crédito extraordinario con destino a obra “MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN CAMIÑOS DA CHOSA DO ESCRIBÁN DA ABELLEIRA EN FURÍS E ENTRE BARREIROS E VILACOTE”, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	648.848,56
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	2.101.093,86
CAPÍTULO III: Gastos Financeiro.....	0
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	107.212,25

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Invetimentos reais	1.384.281,86
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	49.600
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	0
TOTAL:	4.291.036,53

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castrovede, 9 de novembro de 2021.-O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 3220

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 30 de setembro de 2021, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 16/2021, do orzamento en vigor, primeiro na modalidade de crédito extraordinario con destino a obra "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS", e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	648.848,56
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	2.101.093,86
CAPÍTULO III: Gastos Financeiro.....	0
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	107.212,25
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
CAPÍTULO VI: Invetimentos reais	1.367.782,03
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	49.600
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	0
TOTAL:	4.274.536,70

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castrovede, 9 de novembro de 2021.-O Alcalde, Xosé Mª Arias Fernández.

R. 3221

Anuncio

Que polo na xunta de goberno celebrada o día 2 de novembro, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2021, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así

mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castrovede, 5 de novembro de 2021.-O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 3222

FOZ

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as Listas de emprego no Concello de Foz, **para a cobertura temporal da praza de Técnico Turismo.**

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 8 de novembro de 2021, a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz (www.concellodefoz.es)-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 8 de novembro de 2021.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 3223

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as Listas de emprego no Concello de Foz, **para a cobertura temporal das prazas de peóns do servizo de recollida de lixo.**

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 8 de novembro de 2021, a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz (www.concellodefoz.es)-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 8 de novembro de 2021.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 3224

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar as Listas de emprego no Concello de Foz, **para a cobertura temporal da praza de Técnico de Biblioteca.**

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 8 de novembro de 2021, a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz (www.concellodefoz.es)-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 8 de novembro de 2021.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 3225

O INCIO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 30/10/2020 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

Procédese á facer a publicación íntegra do texto rectificado da ordenanza, segundo acordo plenario de data 30/10/2020.

ORDENANZA N.º 1

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1º.- Concepto

De conformidade co previsto nos artigos 15.2, 61, 62.4, 72, 74.4 e 77.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, o tipo de grave do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable a este Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.- Tipo de gravame

- 1.O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,55 por cento.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens inmóbles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,30 por cento.
3. O tipo de gravame dos bens inmóbles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.

Artigo 3º. Exencións.

En base a criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, establécense as exencións seguintes:

- 1º.- Os inmóbles urbanos cuxa cuota líquida sexa inferior a **dous euros**.
- 2º. Os inmóbles rústicos sitos neste municipio e correspondentes a un mesmo suxeito pasivo cando as cotas agrupadas deste imposto sexan inferiores a **dous euros**.

Artigo 4º.- Bonificacións.

4.1 Bonificacións rogadas.

4.1.1 Bonificacións por situación familiar.

Os suxeitos pasivos que de conformidade coa Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa desfrutarán das bonificacións seguintes:

Familia numerosa categoría xeral:

- Bonificación do 80% na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana.
- Bonificación do 80% na cota agrupada do Imposto sobre Bens inmóbles de natureza rústica.

Familia numerosa de categoría especial

- Bonificación do 90% na cota íntegra do Imposto sobre Bens de natureza urbana.
- Bonificación do 90% na cota agrupada do Imposto sobre Bens de natureza rústica.

A concesión das bonificacións establecidas neste apartado realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda, nos termos establecidos no art. 4 da Lei 40/2003 de 18 de novembro (B.O.E. núm. 277 de data 19/11/2003).

As bonificacións establecidas neste apartado terán unha duración de cinco anos, sendo aplicables a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

4.1.2 Bonificacións ás explotacións agrarias.

- 1.- Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total ou exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por

concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no paragrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráselle unha bonificación de 50% da cuota íntegra do imposto.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos.

2. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

3.- Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coas facendas estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.

- Xustificante de recoñecemento da explotación, ou licenza ou comunicación da actividade correspondente.

4.- O interesado deberá comunicar ao Concello calquera modificación na situación da súa explotación que poda afectar a este imposto.

5.- O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

4.1.3 Bonificación ás actividades económicas que xeren emprego.

1.- Gozarán dunha bonificación na porcentaxe que se indicará no punto 3, da cota íntegra do imposto, aqueles inmovibles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

2.- Dita bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

3.- As porcentaxes a que se refire o punto 1, son as seguintes:

1.	Porcentaxe	2.	Condición
3.	95%	4.	Pola creación de máis de 20 postos de traballo
5.	75%	6.	Pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
7.	50%	8.	Pola creación de ata 10 postos de traballo

4.- A bonificación que se conceda terá aplicación durante tres exercizos orzamentarios.

5.- Os postos de traballo creados deberán manterse polo menos durante os exercizos de vixencia da bonificación.

6.- A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude.

7.-Para a súa aprobación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de facenda na que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.

- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.

- Certificación acreditativa de que o suxeito pasivo non ten débedas coa facenda estatal, coa facenda autonómica nin coa Seguridade Social.

- Licenza ou comunicación da actividade correspondente.

8.- Previamente a súa aprobación, o Concello realizará de oficio as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto da bonificación solicitada.

9.- Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación de este beneficio fiscal. Polo Concello poderá declararse, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días (contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación da apertura de dito prazo) se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera outro medio, a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

4.2.- Bonificacións obxectivas.

De conformidade co art. 74.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese unha bonificación do **80%** da cota íntegra do imposto a favor dos solares non edificadas existentes no Solo de Núcleo Rural.

As bonificacións nas cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmóveis serán compatibles con calquera outros beneficios fiscais que poda establecer ou aprobar este Concello.

Art. 5º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Sección 3ª, Subsección 2ª, do Capítulo II do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, concordantes e complementarios do mesmo, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

O Incio, 9 de novembro de 2021.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 3226

AS NOGAIS*Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de outubro de 2021, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 14/2021 na modalidade de transferencia de crédito entre distinta área de gasto que non afecta a baixas e altas de créditos de persoal, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O citado acordo plenario queda elevado automaticamente a definitivo ao non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público como segue a continuación:

Altas en aplicación de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
1531	221	Acceso aos núcleos de poboación. Suministros	3.110

Baixas en aplicacións de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
341	226	Promoción e fomento do deporte. Gastos diversos	150,00
338	226	Festas populares e festexos. Gastos diversos	2.960,00
TOTAL			3.110

As Nogais, 9 de novembro de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3227

O PÁRAMO*Anuncio***CONVOCATORIA PARA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución de Alcaldía de data 10/11/2021, aprobáronse a convocatoria e as bases para a ampliación dunha bolsa de emprego temporal, auxiliares de axuda no fogar .

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O Páramo, 10 de novembro de 2021.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3257

RÁBADE*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de data 9 de novembro de 2021 aprobáronse as bases para selección do persoal laboral temporal, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos para a execución de obras, servizos e creación de emprego “Programa fomento do emprego 2021”, que a continuación se relaciona:

-1 peón especialista adscrito ao servizo municipal de limpeza e mantemento de xardíns e vías públicas.

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello de Rábade, na páxina web www.rabade.org e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

Rábade, 9 de novembro de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3228

RIBADEO*Anuncio***Secretaría Xeral.02**

Expediente núm. 4168/2021.

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

Visto expediente tramitado para selección de persoal funcionario interino, Un posto de Auxiliar de Administración Xeral.

Vistas as solicitudes formuladas para participación nas probas selectivas, durante o prazo regulamentario establecido ao efecto.

RESOLVO:

1º. Prestar aprobación á seguinte **listaxe provisional de admitidos e excluídos** ao proceso selectivo de referencia.

APELIDOS E NOME	OBSERVACIÓNS
Antuña Carballés, María Rosa	Non se aporta Celga
Baamonde Castrillón, Rosa María	Celga
Barrio Ares, Isabel	Celga
Camino Brito, Eva María	Celga
Carreira García, María Luisa	Celga
Dorado Fernández, Ruth M.	Celga
Fanego Candía, Lucía	Celga
Fernández Fernández, Ana María	Non aporta Celga
Fernández Gutiérrez, Alberto	Celga
Fernández Otero, Noemí	Celga
Fungueiriño Pazos, José Luis	Celga
García Fernández, Clara	Celga
García García, Beatriz	Celga
García Gómez, María	Celga
García Muruais, Marcos	Celga
Gesto Gacio, José	Celga
González Insua, Raquel	Non aporta Celga
Gulias Sanmartín, Jesús Antonio	Celga
Janeiro Tapia, Miguel Ángel	Celga
Justo Castro, María del Pilar	Celga
Lastra García, Laura	Non aporta Celga
López Álvarez, Yolanda	Non aporta Celga
López Pérez, Reyes	Non aporta Celga

López Soloso, Raquel	Celga
Lozano Pardiño, Pablo José	Celga
Martínez de la Hidalga Machín, Paloma Elvira	Non aporta Celga
Ocampo Piñeiro, Elena	Celga
Pernas Quiroga, Marta	Celga
Pinal Seoane, Silvia María	Celga
Prado González, Lucía	Celga
Rodríguez Díaz, José Feliciano	Celga
Rodríguez López, Vanesa	Celga
Santos López, Arantxa	Celga
Silva Canabal, Lucía	Celga
Sobriego García, Eloy	Celga
Tejo Fuentes, Belén	Celga
Torre Mahía, Lidia	Celga
Valea Fuente, Ana	Celga
Varela Varela, María Victoria	Celga
Vilar Alvarez, Miriam	Celga
Vilar Varela, María Adelaida	Celga
Villapol Vior, Manuel	Non se aporta Celga
Vior Martínez, Miguel Angel	Celga

EXCLUÍDOS**NINGÚN**

2º.- Outorgar prazo para reclamacións ou alegacións **por DEZ días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta resolución no tablón de anuncios do concello e sede electrónica** quedando elevada a definitiva para o caso de non formularse ningunha.

3º.- Expór ao público no taboleiro de anuncios e sede electrónica da web municipal a presente resolución.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, 8 de novembro de 2021, do que eu Secretario en funcións dou fe.

Ante mín,

O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA, O SECRETARIO EN FUNCIÓNS, JOSÉ RODIL VEIGA.

R. 3229

RIOTORTO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión extraordinaria celebrada o día dous de novembro de dous mil vinte e un, aprobou o "PREGO DE CONDICIÓNS PARA ALLEAMENTO DUN BEN DESTE CONCELLO", polo presente edicto anúnciase a poxa:

1. **Obxecto:** venta á mellor oferta de edificio con referencia catastral 001300200PJ30D0001MR.
2. **Tipo de licitación:** 800 euros.
3. **Forma de pagamento:** metálico.
4. **Capacidade:** de conformidade coa cláusula quinta dos pregos, persoas naturais e xurídicas, españois ou extranxeiros que teñan plena capacidade e que non se atopen incluídos nos supostos de prohibición recollidos na Lei de Contratos do Sector Público.
5. **Prazo de presentación:** 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no perfil do contratante da páxina web do Concello.
6. **Documentación a presentar:** a sinalada na cláusula oitava dos pregos.
7. **Apertura de plicas:** día seguinte hábil á finalización do prazo de recepción de ofertas de conformidade coa cláusula décima dos pregos.
8. **Obtención de información:** Concello de Riotorto, Secretaría municipal, teléfono 982 34 62 22.
- 9.

Riotorto, 9 de novembro de 2021.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3230

SAMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *extraordinaria* celebrada o día 11/11/2021 acordou a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 11 de novembro de 2021.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3258

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 8 de novembro de 2021, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de Outubro de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 8 de novembro de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3231

O VICEDO

Anuncio

Por Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o pasado 5 de novembro de 2021, prestouse aprobación ós padróns que abaixo se relacionan, todos correspondentes ó 1º semestre de 2021, a saber:

- Taxa por subministro de auga.
- Taxa por recollida de lixo.
- Taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros.
- Canon auga Xunta de Galicia

Expóñense ó público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, que se computarán a partir da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Durante o prazo de 1 mes, a contar dende o día seguinte ó da terminación da exposición ó público, poderase presentar recurso de reposición de conformidade co artigo 108 da Lei 7/85, de 2 de abril, e artigo 14.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Contra a desestimación do recurso de reposición poderase presentar recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, que se computarán a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de 6 meses, dende que se entenda producida a desestimación presunta de este. Igualmente, poderase interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se produza a notificación.

As liquidacións non pagadas en período voluntario serán esixidas polo procedemento de constrinximento e aplicaranse as recargas correspondentes, así como os demais gastos e custes que procedan ata o día do ingreso da débeda tributaria correspondente (artigo 28 da Lei 58/2003).

No suposto do canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva de conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003.

O Vicedo, 8 de novembro de 2021.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3232

XERMADE

convocatoria proceso selectivo fomento de emprego 2021

Por Decreto da Alcaldía núm. 2021-0430 de data 08/11/2021 foron aprobadas as bases e a convocatoria do proceso selectivo para o nomeamento de persoal funcionario interino para o proxecto “fomento de emprego 2021”: dous peóns de edificación e obras públicas, un/a oficial de 1ª de edificación e un/ha oficial de 2 – condutor de edificación.

O prazo de presentación de solicitudes é de cinco (5) días hábiles dende a publicación do anuncio no BOP. As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Xermade: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>

Xermade, 9 de novembro de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3233

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO

Anuncio

Expediente número: A/27/22982

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ayuntamiento de Trabada

Nombre del río o corriente: Rego de Vilapercide

Caudal solicitado: 0,58 l/seg.

Punto de emplazamiento: Fraga da Becerreira, Monte Veciñal Común dos Veciños de

Trabada, parcela 381 del polígono 23

Término Municipal y Provincia: Trabada (Lugo)

Destino: Abastecimiento a Vilapercide, Cima de Vila, Porto do Malle y Escanarega

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación de tres compartimentos y conducción mediante tuberías a tres depósitos.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Trabada o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 9 de noviembre de 2021.- El Titulado Superior de Gestión y Servicios Comunes, Pedro Granda Rodríguez.

R. 3254

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

A/27/36999

La Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. * **0000*, solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución de las actuaciones contempladas en el proyecto "Acondicionamiento da LU-P-1301 "Seoane do Courel (LU-651)-Hospital (LU- 633) e ramais a Piñeira e Lusada-Vilela", pk 10+700 al 12+591, pk 10+700 al 12+591. Pedrafita do Cebreiro. Noviembre 2020", en la zona de policía del Regueiro das Veigas, en el T.M. de Pedrafita do Cebreiro (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3234

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Alejo Oseira Cabanas, con D.N.I.***5789**, solicita autorización para efectuar legalización de una plantación dentro de la zona de policía, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Rego de Cabana Vella y Arroyo innominado

MARGEN / RIBERA: izquierda y izquierda

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A LEGALIZAR: 300 eucaliptos

LUGAR: Parcelas 2458 y 2482 del polígono 29

PARROQUIA: Os Remedios (Nosa Señora dos Remedios)

TÉRMINO MUNICIPAL: Mondoñedo

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 8 de novembro de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3235

COMUNIDADE DE REGANTES DO REGADIO VALLE DE LEMOS*Anuncio***CONVOCATORIA A JUNTA GENERAL****COMUNIDAD DE REGANTES DEL REGADIO VALLE DE LEMOS**

Alicia Toirán Vega, como Presidenta de la Comunidad de Regantes del Regadío Valle de Lemos convoca a todos los usuarios regantes de este regadío a la Asamblea General Ordinaria que tendrá lugar el Domingo, 28 de noviembre de 2021 en el salón de actos del C. F. E. A., de Monforte, antigua Escuela de Capacitación Agraria, sita en C/ Alfredo Braña s/n a las 11,30 en primera convocatoria y 12,00 en segunda, con el siguiente

ORDEN DEL DÍA:

- 1- Lectura y aprobación, si procede, del acta anterior.
- 2- Estado de cuentas de la Comunidad, control de cuentas con la “Asociación para o desenvolvemento do regadío do Valle de Lemos”.
- 3- Obras de mantenimiento que se han realizado en esta última campaña de riego.
- 4- Ver que acequias son las que tendrán mayor dificultad para su limpieza.
- 5- Ruegos y preguntas.

Monforte, 4 de noviembre de 2021.- Alicia Toirán Vega, Presidenta Comunidad de Regantes del Valle de Lemos.

R. 3236
